



Concello de Vimianzo

C

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 04/09/2012

O

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día catro de setembro de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

P

Asisten os seguintes membros:
D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. Anselmo Ramos Martínez
D. Pablo López Vázquez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé

I

A

Ausentes:

D. José Antonio Miñones Riveiro
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Monserrat Vázquez Miñones
D.^a Carmen Felicidad Borbujo Martínez
D. José Manuel Pérez Trillo
D. Manuel Soto Pérez

P

Secretaría: D.^a María Cristina Varela García
Interventor accidental: D. José D. Rodríguez Ferreira

Ú

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión entendendo, despois de tocar o reloxo da igrexa, que son as nove horas.

B

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

L

1. Toma de coñecemento da dimisión da concelleira Carmen Felicidad Borbujo Martínez.

I

Consta no expediente escrito de solicitude dun pleno extraordinario por parte dos concelleiros do PP D. Pablo López Vázquez e D. José Manuel Pérez Trillo, e do PSOE D. José Manuel Rodríguez Blanco e D.^a Montserrat Vázquez Miñones, presentado o 18/08/2012 (RE 6035).

Consta no expediente informe de Secretaría, de data 22/08/2012.

C

A sesión extraordinaria foi convocada por Resolución da Alcaldía núm. 674, do 23/08/2012.

A

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da lectura ao escrito de renuncia presentado o 26 de xullo de 2012, con rexistro de entrada nº 5438, pola concelleira do grupo municipal popular D.^a Carmen F. Borbujo Martínez, que se transcribe literalmente:

"Dna. Carmen Felicidad Borbujo Martínez, con D.N.I. 12743739-Z, concelleira da Corporación municipal do concello de Vimianzo polo grupo Partido Popular, nas eleccións municipais do 22 de maio de 2011

EXPÓN

C

Que mediante a presente comunica a súa renuncia á acta de concelleira no concello de Vimianzo así como ás obrigas que derivan de dita condición

O

E SOLICITA

P

DA posta en coñecemento do Pleno municipal desta renuncia e o cumprimento dos trámites que sexan necesarios ante a Xunta electoral

Vimianzo, 26 de xullo de 2012

Asdo. Carmen Felicidad Borbujo Martínez

A

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO"

O Sr. Alcalde cita o informe de Secretaría de 22/08/2012, no seu punto terceiro, que di: "(...) B) a toma de coñecemento polo pleno ten que vir acompañada da designación da persoa á que, a xuízo da Corporación, lle corresponda cubrir a vacante, seguindo a Instrucción da Xunta Electoral Central anteriormente mencionada. No escrito de solicitude non se fai referencia a esta persoa".

Por motivos seguridade xurídica para a Corporación, o Sr. Alcalde pregunta á Secretaria se ten coñecemento da persoa que ocuparía a citada vacante e se pode dicir o seu nome.

P

A Secretaria responde que, á vista da candidatura presentada polo Partido Popular nas eleccións municipais de maio de 2011, a persoa que ocupa o posto número catro é D. Juan Carlos Amado Sambade.


O Pleno da Corporación dase por enterado.

U

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e un minuto, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o catro de setembro de dous mil doce.

L
I
C
A

O ALCALDE



A SECRETARIA,

